

14 DE ABRIL – DÍA DA REPÚBLICA

O 14 de Abril é un día de festa para todos e todas as que compartimos os ideais de liberdade, xustiza social, cultura e modernidade democrática. Este ano conmemoramos o 85 aniversario da II República Española, e esta conmemoración faise máis importante e necesaria se cabe nos últimos anos, nos que estamos a sufrir un aluvión de recortes nos dereitos sociais e de limitación das liberdades colectivas e individuais.

A regresión provocada pola eliminación de dereitos laborais, a privatización de servizos públicos esenciais, a merma dos sistemas de sanidade e educación como garantes da igualdade de oportunidades, as leis “mordaza”, entre outras medidas antisociais; evidencia a necesidade de construír entre todos e todas un novo modelo de Estado e de sociedade máis xusto, igualitario, democrático e precisamente, social.

Hai 85 anos que os homes e mulleres deste país decidiron que para progresar, resultaba imprescindible liberarse do lastre inxusto e antidemocrático da Monarquía hereditaria, e do sistema político montado sobre ela, incapaz xa de dar solución algunha aos problemas sociais que atravesaba España. A Rexeneración democrática escribiuse entón con “R” de República.

Estamos convencidos e convencidas de que a República volve ser a resposta en positivo, a resposta ilusionante, a maneira máis democrática de constitucionalizar a xustiza social e o reparto equitativo da riqueza. É a democracia republicana, dándolle a voz predominante ao pobo e á maioría

social traballadora, a única que pode traer a solución ao desemprego e aos desahucios, entre outras lacras que hoxe afogan a millóns de persoas en todo o Estado.

Non esquecemos neste novo 14 de abril aos heroes que defenderon coa súa vida a democracia, queremos render o sentido homenaxe que merecen e que en moitas ocasións lles foi negado por institucións e organizacións políticas que paradóxicamente se autoproclaman democráticas. A todos e todas elas e á súa loita adicamos esta ofrenda floral e o noso máis sincero recoñecemento e agradecemento.